

A solicitude débea realizar o representante legal da empresa mediante o uso do seu de certificado electrónico de usuario (FNMT, DNI electrónico etc.). Unha vez iniciada a solicitude pódese gardar para proseguir a súa tramitación en calquera momento.

#### PASOS

- 1- Iniciar o procedemento PR527A mediante o uso do certificado dixital do representante legal da empresa.
- 2- Cubrir os datos do solicitante, representante legal, interlocutor único da empresa coa Xunta para a xestión das subvencións e datos bancarios da conta corrente da empresa onde se aboarán no seu caso as subvencións.
- 3- Autorizar á Xunta á comprobación do DNI do representante legal da empresa, e á solicitude os certificados da AEAT, TXSS e Consellería de Facenda. En caso de non o autorizar deberá presentar a documentación pertinente.
- 4- En caso de que o interlocutor único para a xestión das subvencións ante a Xunta sexa unha persoa distinta do representante legal da empresa deberá cubrirse o "ANEXO III (continuación)" asinarse por parte do interlocutor único para anexarse posteriormente na plataforma unha vez escanear ou asinado dixitalmente. En caso de escanearse a firma manuscrita o orixinal deberá quedar en depósito da empresa a disposición da Secretaría Xeral de Medios.

**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Medios

ANEXO III  
(continuación)

**AUTORIZACIÓN DO INTERLOCUTOR ÚNICO**  
(Este punto só se deberá cubrir no caso de que o interlocutor único non exista ou represente legal)

Autorizo expresamente á Secretaría Xeral de Medios para que efectúe a comprobación dos datos do DNI do interlocutor único:

SI  NON

**SINATURA DO INTERLOCUTOR ÚNICO**

\_\_\_\_\_  
Lugar e data: \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**galicia** **Galicia** **RuralEs**

Secretaría Xeral de Medios

- 5- Sinalar a documentación que presenta o solicitante.
- 6- Unha vez cuberta toda a solicitude picar a opción "PRESENTAR" aparecerá a pantalla dende onde se debe anexar a documentación necesaria.
- 7- Unha vez escanear, ou dispoñible en formato electrónico, anexar a documentación que no seu caso sexa necesaria:
  - a. Documentación acreditativa da constitución da empresa, segundo o artigo 9.4. a) das bases reguladoras.
  - b. Documentación acreditativa do poder co que actúa o solicitante segundo o artigo 9.4. b) das bases reguladoras.
  - c. Copia do NIF segundo o artigo 9.4. c) das bases reguladoras.

- d. Copia do DNI do representante legal e do interlocutor único segundo o artigo 9.4. d) das bases reguladoras.
  - e. Certificado ou documentación acreditativa de estar rexistradas como Tipo "A" no rexistro de instaladores de telecomunicación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, segundo os artigos 3. b) e 6. c) das bases reguladoras.
  - f. Copia do recibo do seguro de responsabilidade civil en vigor (artigo 6. d) das bases reguladoras.
  - g. Memoria co contido esixido no artigo 9.3 ° das bases reguladoras.
  - h. Autorización do interlocutor único, que deberá asinarse en folla independente (Anexo III - continuación).
  - i. Outros. (Calquera outra documentación que se considere necesario achegar)
- 8- Unha vez anexada a documentación garde a solicitude e en caso de querer presentala elixa a opción continuar, pasarase á pantalla dende a que poderá asinar a solicitude, unha vez asinada electronicamente a solicitude seguindo os pasos que lle marcará a propia plataforma envíase a mesma.

Para cálquela dúbida ou consulta:

- a) Os teléfonos da Secretaría Xeral de Medios:
  - Para cuestións administrativas: 981544234
  - Para cuestións técnicas: 881999239/981544330
- b) O enderezo electrónico [xestión.sxm@xunta.es](mailto:xestión.sxm@xunta.es)
- c) Presencialmente, nas dependencias da Secretaría Xeral de Medios na rúa Hórreo, nº 61, 15701 Santiago de Compostela.